

OURENSE

# O centenario de Celso Emilio Ferreiro como eixo para coñecer aos escritores da comarca de Celanova

A biblioteca do IES celanovés acolle mañá un amplo programa con exposicións, recitais, presentacións de libros e ponencias

Maite Rodríguez Ourense 20/6/2012 21:22 h

A biblioteca do IES de Celanova será o recinto no que hoxe se lembre a figura de Celso Emilio Ferreiro -de quen se cumpren cen anos do seu nacemento- cun acto aberto ao público no que se amosarán os traballos realizados por estudantes de diferentes centros da Terra de Celanova (Celanova, Cartelle ou Ramirás), da Baixa Limia (Bande) ou de Xinzo. Hoxe foron os alumnos do instituto quen puideron coñecer todo o que teñen ao seu alcance para profundizar tanto na figura e obra de Celso Emilio coma na dos demais escritores da Terra de Celanova e Baixa Limia. Unha das exposicións foi recuperada do ano 1989, cando o propio IES de Celanova -que daquela se chamaba Celso Emilio Ferreiro e propón recuperar tal denominación- fixo unha ampla mostra con materiais orixinais sobre a obra do poeta que escribiu Longa noite de pedra. Mais tamén hai materiais elaborados por outros centros, como a exposición «Descubriendo a Xocas», do CEIP Xaquín Lourenzo de Bande ou a maqueta elaborada neste mesmo centro a partir do libro Os foxos do lobo. A caza do lobo na cultura popular, de Davide Pérez. Asemade, presentarase o libro Vieiros de palabra, unha escolma de textos orixinais de 45 autores vivos da comarca.

O IES tamén contará cunha mostra permanente de fondos dos escritores da comarca. Proxeccións de audiovisuais, lectura de textos de autores da zona e recitais musicados dos poemas de Celso Emilio completarán un programa no que tamén figuran as intervencións de Luís Ferreiro, presidente da Fundación Celso Emilio Ferreiro, quen falará da figura do poeta fai cen anos e de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de

Escritores en Lingua Galega (AELG), quen lerá un manifesto.

Este programa foi organizado pola biblioteca do IES de Celanova e pola coordinadora comarcal de equipos de normalización e dinamización lingüística da Terra de Celanova-Baixa Limia.